

## A formación do maxisterio en Galicia. Perspectiva histórica

**Anxo S. Porto Ucha**

Universidade de Santiago

angelserafin.porto@usc.es

**José Luis Iglesias Salvado**

Universidade da Coruña

jiglesias@udc.es

***Os distintos modelos de formación de mestres establecidos ao longo do tempo, case nunca foron suficientes para fornecelos das ferramentas que precisaban para desenvolver as tarefas docentes que se lles encomendaban. Por esta razón, o maxisterio sempre procurou mecanismos que lle permitisen complementar e mellorar a súa formación, á marxe do deseño que a Administración educativa ofrecía ou imponía en cada momento.***

**Palabras clave**

Maxisterio, Escola Normal, formación, historia, Galicia.

Trazar un cadro histórico sobre a formación do maxisterio en Galicia non é tarefa doada. En principio, porque as Escolas Normais galegas precisan, aínda, un tratamento específico. Pero ademais, porque a determinación do perfil profesional dos mestres e mestras que nelas se formaron, segue a ser un labor pendente para a historiografía galega. A non ser nalgúns traballos en actas de congresos, artigos en revistas, etc., só as Normais de Pontevedra e Santiago de Compostela foron obxecto de atención específica (Porto Ucha, 1994; Marco López e Porto Ucha, 2000). O resto está por construír. Tendo en conta esta circunstancia, nas páxinas que seguen tentaremos facer unha achega á formación das mestras e mestres galegos no período contemporáneo, sendo conscientes das dificultades que o tema presenta.

Como punto de partida atrevémonos a formular algunhas hipóteses que nos axudan a entender, e mesmo a percorrer, o camiño da formación que o maxisterio galego andou, ao tempo que orientan o discurso:

a) Diante da sabida escasa formación inicial recibida nas Escolas Normais, o maxisterio sempre se viu na necesidade de recorrer a distintas e diversas estratexias formativas que lle permiten axustar a súa formación e capacidade ás demandas que as autoridades e a práctica mesma reclamaban.

b) O libro de texto rematou por se converter, moito tempo, no elemento formativo esencial, tanto no que á formación inicial do maxisterio respecta, como no que atinxe ao traballo diario que aquel desenvolvía na escola.

c) A emigración transoceánica operou para Galicia un modelo alternativo de escola con innovacións que afectaron á formación do profesorado recrutado para este fin.

d) As correntes pedagóxicas europeas de finais do século XIX e comezos do XX, tiveron unha influencia considerable na formación do profesorado galego dos distintos niveis educativos, á que o maxisterio non foi alleo. Máis tarde aquelas experiencias vividas víronse concretadas nas realizacións educativas da Segunda República Española.

e) O control ideolóxico que o franquismo exerceu sobre a escola primaria supuxo, antes que nada, un atraso moi importante na formación do profesorado, e mesmo significou de xeito real o abandono programado da escola pública.

f) Coa chegada da democracia houbo varios intentos para establecer un programa formativo para o maxisterio que fose quen de superar as eivas de tempos anteriores. Agora, o reto está en establecer un modelo de formación adaptado ás necesidades que o novo marco europeo demanda.

### Os inicios

No Antigo Réxime a formación de mestres tivo carácter particular ou gremial (lémbrese a Hermandad de San Casiano, encargada da formación e selección de mestres de primeiras letras). Segundo foi avanzando o século XIX, de vagar, aquela pasou a ser unha actividade case exclusivamente oficial. Na Galicia rural, non obstante, coexistirán durante tempo dúas canles de escolarización popular. Unha de carácter privado que se constitúe arredor de dous modelos de escola ben diferenciados: as escolas de ferrado (De Gabriel, 2001) e as de fundación (Obelleiro, 2007). En paralelo a estas iniciativas de carácter privado, e por veces confundíndose con elas, vaise configurando, con moitas dificultades, a rede pública de escolas primarias do país.

Dirixían as primeiras os chamados escolantes, que se adicaban á ensinanza como complemento a outra ocupación. Naturalmente estes profesionais carecían de calquera coñecemento pedagóxico sistematizado. E aínda que estas experiencias tenderon a desaparecer a medida que nos introducimos no século XX, mantivéronse activas moito tempo, especialmente na provincia de Lugo e nalgunhas zonas do interior de Galicia. A persistencia do modelo explícase polos criterios metodolóxicos utilizados (ensinanza individual, aprendizaxe sucesiva, emprego de procesos a partir de documentos de natureza diversa para o ensino da lectura e a escritura) e as aspiracións formativas dos usuarios (rezar, ler, escribir, contar). Pola súa parte, as escolas de fundación eran creadas, xeralmente, por un benefactor que decidía destinar unha parte dos seus bens a soste un establecemento de primeiras letras. Tampouco os mestres que traballaban nela tiñan formación, as máis das veces. O tempo e extensión das escolas de fundación hai que buscalo entre a segunda metade do século XVIII e a primeira do XIX.

No que respecta á rede pública, as escolas eran de diferente categoría segundo o currículo que se desenvolvía nelas: superiores, situadas preferentemente nas capitais de provincia; elementais, completas e incompletas; e de temporada. A Lei Moyano de 1857 consagrou un modelo estrutural e formador que permaneceu na práctica ata a metade do século XX. Os distintos modelos de rede, e as diferentes categorías de centros que se definen nela, implicaban tamén niveis diversos na esixencia de formación do profesorado.

### As 1<sup>as</sup> Escolas Normais

Un acontecemento decisivo para a formación do profesorado de ensino primario foi a creación das Escolas Normais. A aparición des-

tes centros supuxo, sobre todo, un cambio transcendental no que respecta ao proceso de formación dos mestres e mestras. Consonante a concepción liberal da época, o carácter e mesmo o sentido da formación do maxisterio debía ser esencialmente popular. Así, aos mestres e mestras abondáballes con saber o que tiñan que ensinar. Outro tipo de coñecemento entendíase como innecesario. As Escolas Normais limitábanse a reproducir o currículo das escolas primarias. Este organizábase arredor de tres compoñentes básicos: o cultural, escaso, ao non se esixir estudos previos de bacharelato; o pedagóxico, moi reducido tamén, ao ocupar a maior parte do tempo cubrindo a lagoa anterior; o práctico, canalizado mediante as escolas prácticas e igualmente moi descoidado.

Entre os factores que axudan a explicar a creación das Escolas Normais, hai que considerar especialmente dous; por unha parte, a necesidade de difundir unha determinada metodoloxía didáctica (métodos de Pestalozzi, Lancaster e Bell, Vallejo) e por outra, o intento de dar resposta ás demandas de formación do profesorado, derivadas da configuración do sistema nacional de educación que se estaba a implantar, e a creación dun coñecemento educativo relativamente sistematizado (De Gabriel, 1993).

En 1839 aparecía en Madrid a primeira Escola Normal Central de Mestres. Logo, na década de 1840, houbo unha grande profusión de Escolas Normais de mestres pola xeografía española. En Galicia o proceso de creación foi moi semellante ao do resto do Estado. Unha Orde do 19 de decembro de 1841 anunciaba na *Gaceta* a apertura da Normal de Ourense. No 1842 aparecía a de Lugo. Máis tarde, en 1845, as da Coruña e Pontevedra. Con motivo da reorganización das



—O maestro díxenos q'o así está q'ndo, q'í d'índio?  
—Eu non, ee' í?  
—Tamposo.

4 > a nosa escola





1 &gt; a nosa escola

2 &gt;

## ESCOLA NORMAL DE MESTRAS

Edificio García Flórez, que acolleu a Escola Normal de mestras de Pòntevédrá desde 1881 ata 1930

*Xentileza de Manuel Puga Pereira*

Escolas Normais de 1849, A Coruña e Pontevedra quedaban sen Escola Normal de mestres, ao tempo que se establecían Escolas Normais Superiores nas capitais de distritos universitarios. Nacía así, a Escola Normal Superior de Santiago de Compostela. Logo, ao abeiro da Lei Moyano, volve a abrirse a de Pontevedra que terá categoría de Normal Superior. Pola súa parte, A Coruña quedaría sen Escola Normal masculina ata a segunda metade do século XX.

A aparición das normais femininas é máis serodia que as do maxisterio masculino. En 1858, con case vinte anos de diferenza, inaugúrase en Madrid a Escola Normal de Mestras. En Galicia teríamos que esperar ata o ano 1860 no que se crean as de

Pontevedra e A Coruña, se ben esta última non comezaría a súa andaina educativa ata o ano 1865 (Iglesias Salvado e Cotelo Guerra, 2001). A de Ourense foi creada en 1877, e xa máis tarde a de Lugo. En Santiago de Compostela, aínda que desde comezos da segunda década do século XX se autoriza, con carácter provisional, a admisión de alumnas oficiais e libres, en réxime de coeducación, a creación efectiva non se produciu ata decembro de 1930. En calquera caso, e mentres non se levou a cabo a igualación curricular que determinaba o Plan de 1914, a formación do maxisterio feminino sempre estivo presidida pola eiva dun currículo diminuído e aínda máis feble que o que recibían os seus compañeiros mestres.

## A formación do profesorado a finais do s. XIX

Para combater o illamento e emendar as lagoas de formación inicial, o profesorado recorreu a estratexias de formación continuada: conferencias, congresos, certames, exposicións pedagóxicas, publicacións, etc. O colectivo do maxisterio descubriu a través destas experiencias unha forma de potenciar as súas capacidades, e mesmo de superar as carencias de formación inicial e o illamento que determinaba a ruralidade e a dispersión da poboación propias do país (Costa Rico, 1989, 2004).

Resulta sorprendente e moi significativa a participación do maxis-



La profesora

3 >

## CLAUSTRO DE PROFESORES

Claustro de Profesores e Profesoras das Escolas Normais de Pontevedra (1915-16)

*Xentileza de Manuel Puga Pereira*

terio nos congresos pedagóxicos, tanto nacionais como rexionais, de finais do século XIX (1882, 1887), e mesmo a creación de asociacións profesionais, entre as que destacou, sobre todo, a “Asociación Pedagógica de Maestros de Pontevedra”, creada en 1887. Naquelas circunstancias foi decisiva para o maxisterio galego e a súa formación a presenza dos homes da ILE, xunto coa influencia de políticos liberais como Eugenio Montero Ríos e Eduardo Vincenti. O papel desenvolvido pola prensa da época resultou igualmente determinante (*El Noticiero Gallego, Crónica de Pontevedra, El Magisterio Gallego, etc.*); así como outras accións formativas de moi distinta natureza, que se levaron a cabo en

Galicia no último terzo do século XIX, e que se prolongaron ata o primeiro do terzo do XX.

Para conformar e controlar o sistema educativo nacional encomendárase a formación inicial do profesorado de primaria ás Escolas Normais.

Así e todo, estes centros foron perdendo protagonismo na selección do profesorado, que se canalizou progresivamente a través dun sistema definido pola Administración educativa. De maneira que, segundo imos entrando no século XX (agás no caso do Plan profesional da Segunda República) a distancia entre as Normais e o maxisterio foi cada vez maior, privando a aquelas dun papel máis

activo na formación en servizo, e polo tanto da necesaria capacidade de autorregulación que calquera profesión precisa. Como resultado lóxico e diante da escaseza de material escolar e da falla de iniciativas de formación continua, o libro de texto foi durante moito tempo o único material no que beberon mestres e alumnos.

### A formación do profesorado no primeiro terzo do s. XX

O primeiro terzo do século XX foi un período de desenvolvemento e de modernización da educación en Galicia, no que houbo múltiples e ricas iniciativas e innovacións. O movemento da Escola Moderna



## ALUMNAS E PROFESORAS

Alumnas e profesoras de Escola Normal de Pontevedra. (Promoción de 1929)

*Xentileza de Manuel Puga*

que iniciara Ferrer i Guardia, ou a ilusionante experiencia e contacto dos mestres galegos co movemento da Escola Nova serán determinantes agora. Xunto a estas hai que salientar a transcendencia que para o maxisterio, e mesmo para a escola galega, vai ter o fenómeno da emigración transoceánica (Peña Saavedra, 1991). Os emigrantes contribuíron a mellorar de maneira moi eficaz e solidaria o proceso de escolarización e alfabetización, tanto coa construción de edificios escolares, como coa determinación dun modelo formativo específico que deixou a súa pegada en varias xeracións de galegos.

A Segunda República será unha etapa de ilusión e esperanza. Naquel treito curto, pero intenso,

desenvolveranse diversas e variadas experiencias escolares coa decisiva implicación da Inspección educativa, que iniciaba unha época de orientación aos mestres e mestras, fronte á anterior de carácter administrativo e aínda de control governamental (Cid, 1989, 1994). É o tempo dos mestres e da escola pública. É o tempo do Plan profesional que deixaría marcado para sempre a memoria e as ansias da formación e dignidade do maxisterio.

En Galicia aquel cambio xa se iniciara nos anos 20 arredor da Xeración Nós (Rivas Barrós, 2001). Non hai máis que lembrar, por exemplo, o Plan pedagóxico de Vicente Risco para a galeguización das escolas, que contén sete epígrafes que afectan á súa organización;

ou os traballos de Xoán Vicente Viqueira (Costa Rico, 1996). E mesmo a preocupación polo ensino que manifesta Castelao e que será unha constante na súa traxectoria persoal e vital. As estampas sobre a escola, o caciquismo, a emigración, ou os dereitos humanos, son unha viva mostra da súa actitude crítica diante da realidade educativa e social galega.

### A formación do profesorado durante a época do franquismo

A guerra civil acabou co entusiástico tempo republicano, dando paso a unha época de claro signo represivo (Porto Ucha, 2003, 2008).

É o tempo do Nacional-Catolicismo, a depuración do maxisterio e o abandono da escola pública. É o tempo da volta atrás no que respecta á formación de mestres.

A Igrexa Católica, en estreita colaboración coas autoridades do Réxime, toma outra vez o control ideolóxico da escola pública, e ao abeiro da Lei de 1945 e a posterior reforma de 1950, inicia o proceso de creación da súa propia rede de Escolas de Maxisterio. En Galicia constatamos a presenza das seguintes: María Sedes Sapientiae (Vigo), Nuestra Señora de los Remedios (Santiago de Compostela), Sagrado Corazón (Ferrol), Jesús Maestro (Ourense) e outro centro dos Maristas en Tui.

En relación coa formación do maxisterio, pódense establecer dúas etapas: a primeira determinada pola proletarización da figura, e mesmo do concepto de mestre (1950-1965), e a segunda, que se vai caracterizar por un intento de retomar, aínda que con moitas lagoas, o modelo do Plan profesional republicano (1965-1975) (Iglesias Salvado, 1996). En calquera caso, foi aquel un período longo e escuro para a escola e o maxisterio. Para remediar a pobreza formativa e innovadora desta época, xorden algunhas experiencias escolares vinculadas a determinadas correntes, como foi o caso do movemento Freinet en Galicia, antecedente do que logo serán os distintos colectivos de Renovación Pedagóxica.

## A chegada da democracia

Coa LXE de 1970 a formación inicial do profesorado na case totalidade dos niveis e modalidades realizaríase na universidade. O novo profesorado de educación xeral básica, incluído preescolar, tería os seus centros de formación nas correspondentes Escolas

Universitarias. A desaparición do franquismo e a Constitución de 1978 significaron un antes e un despois neste proceso. Logo do ensaio frustrado da LOECE (1980), os cambios comezaron decididamente a partir de 1982, coa LRU (1983) e a LODE (1985). Hai que destacar durante todo este tempo o labor dos movementos de renovación pedagóxica e as estratexias de formación continuada do profesorado. A chegada da LOXSE (1990) impuxo novos e prometedores rumbos que tiveron repercusión nos distintos títulos de mestre: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Especial, Linguas Estranxeiras, Educación Musical, Educación Física e Audición e Linguaxe.

## Novos retos: Europa

A integración no espazo europeo pode impoñer camiños novos. Agora téntase concretar o deseño dun programa universitario para os futuros profesionais da educación, que se adapte ás necesidades europeas, pero tamén a un mercado laboral cun enfoque marcadamente neoliberal. Se cadra, está en perigo a escola pública. Haberá que estar atentos e ver como se vai desenvolvendo o proceso.

Nun futuro inmediato desaparecerán moitos títulos universitarios. Europa quere formar os profesionais que a sociedade necesita. Trátase, polo tanto, de definir as denominadas "competencias profesionais", de maneira que cada grupo sólido de tarefas constituirá un perfil profesional que dará lugar a un título de grao. Á hora de seleccionar os contidos das materias, concédeselle prioridade ao aspecto práctico. Ademais da lingua propia, haberá que entenderse noutras linguas. En informática esixírase o manexo das ferramentas fundamentais. No tocante ás novas titulacións de mestre, estas



redúcense a dúas: Infantil e Primaria. Un dos obxectivos prioritarios desta nova situación é facilitar o recoñecemento académico e profesional para que todos os cidadáns poidan usar no futuro as súas cualificacións en todo este novo espazo.

En relación co maxisterio, e diante desta nova realidade, non se nos oculta que, ademais de definir as competencias relacionadas co alumnado, haberá que concretalas para conseguir que se axusten de xeito preciso ao traballo que os futuros mestres terán que levar a cabo. Todo un reto que deberá materializarse no futuro inmediato.

## Bibliografía

- CID FERNÁNDEZ, X. M. (1989)  
*Educación e Ideoloxía en Ourense durante a IIª República*. Santiago, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago.
- (1994) *Escola, Democracia e República. Teorías e institucións educativas en Ourense durante a IIª República*. Vigo, Concello de Ourense e Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- COSTA RICO, A. (1989)  
*Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da Restauración á Segunda República*. Santiago, Consellería da Presidencia e Administración Pública.
- (1996) *A Reforma da Educación en Galicia (1906-1936)*. X. V. Viqueira e a *Historia da Psicopedagogía en Galicia*. Sada - A Coruña, Edicións do Castro.
- (2004) *Historia da educación e da cultura en Galicia (séculos IV-XX)*. Vigo, Xerais.
- DE GABRIEL, N. (1992)  
"Lengua y escuela en Galicia" (165-186), en ESCOLANO, A. (Dir.) *Leer y escribir en España. Dosecientos años de alfabetización*. Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- (1993) "Historia de la profesión docente en España" (137-156), en NÓVOA, A. e RUIZ BERRIO, J. (Eds.) *A História da Educação em Espanha e Portugal. Investigações e actividades*. Lisboa, Sociedade Portuguesa de Ciências da Educação, Sociedad Española de Historia de la Educación.
- (2001) *Escolantes e escolas de ferrado*. Vigo, Xerais.
- IGLESIAS SALVADO, J. L. (1996)  
"La conceptualización del profesor de enseñanza primaria desde el análisis de los modelos de formación (1950-1975): Discurso y realidad" (349-355), en *El Currículum: historia de una mediación social y cultural*. Granada, Universidad de Granada, vol. 1.
- IGLESIAS SALVADO, J. L. e COTELO GUERRA, M.ª D. (2001)  
"Modelos de enseñanza y acreditación del magisterio femenino: La Escuela Normal Superior de Maestras de A Coruña (1880-1898)" (415-424), en *La acreditación de saberes y competencias. Perspectiva histórica*. XI Coloquio Nacional de Historia de la Educación. Sociedad Española de Historia de la Educación. Oviedo, Universidad de Oviedo.
- MARCO LÓPEZ, A. e PORTO UCHA, A. S. (2000) *A Escola Normal de Santiago de Santiago de Compostela. De Escola Normal Superior a Escola Universitaria (1849-1996)*. Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago.
- OBELLEIRO PIÑÓN, L. (2007)  
*As escolas de fundación en Galicia. Unha necesidade social de alfabetización*. Vigo, A Nosa Terra.
- PEÑA SAAVEDRA, V. (1991)  
*Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas.
- PORTO UCHA, A. S. (1994)  
*A Escola Normal de Pontevedra (1845-1940)*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- (2003) *Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo*. Ponteareas, Alén Miño.
- (2004) "A formación inicial e a profesionalización dos mestres e mestras: unha aproximación histórica con referencias a Galicia", *Innovación Educativa* (14) 239-270.
- (2005) *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia*. Sada - A Coruña, Edicións do Castro.
- (2008) *Mestras e mestres pontevedreses depurados polo franquismo. Primeiras accións represivas e estudo por concellos no sur da provincia (1936-1942)*. Ponteareas, Alén Miño.
- RIVAS BARRÓS, S. (2001)  
*A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagógico (1900-1936)*. Vigo, Xerais.

